



OBRADOIRO DE RIMAS



Obxectivos

- Favorecer o uso da lingua galega nas actividades lúdicas.
- Crear un cántico en galego para favorecer a cohesión do grupo.
- Identificar cada un dos equipos cun nome en galego.



Participantes

Rapazada de 9 anos en diante.



Duración

30 minutos.



Materiais

Lapis, papel e bases de música para que lles sirvan de apoio para os ritmos.



Desenvolvemento

Nesta actividade o monitorado axudarlle á rapazada a configurar os grupos nos que traballarán nas actividades.

Unha vez determinados os grupos buscamos crear elementos que os identifiquen e que fomenten a súa cohesión (un nome, un cántico para animárense nas actividades nas que participen...)

En función da temática do campamento, suxeriremos campos semánticos de onde extraer posibles nomes en galego

- Animais: leóns, cabalos, lobos, bubelas, xoaniñas, grilos...
- Natureza: carballos, faias, castiñeiros, toxos, fentos, xestas...
- Mar: baleas, arroaces, quenllas, xoubas...

Para elaborar o himno, podemos partir de letras coma a seguinte

Somos os leóns,
animais da selva,
temos moita forza
non comemos herba.

Para que poñan en marcha o seu enxeño proporcionaráselles unhas bases de música para que teñan o ritmo co que traballar a partir do cal facer os seus aturuxos.



Máis información

Podes atopar bases gratuítas en: <http://www.jamendo.com/es/>